

ANEXO IV

FOMENTO DA CONTRATACIÓN A TEMPO PARCIAL DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS

DECLARACIÓN DO INCREMENTO DO CADRO DE PERSOAL FIXO

AS346C

EXPEDIENTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

CADRO DE PERSOAL FIXO NOS DOCE MESES ANTERIORES AO MES DA CONTRATACIÓN

MESES	Nº DE TRABALLADORES FIXOS INCLUÍDOS NO TC DO MES DE REFERENCIA ⁽¹⁾	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO ART. 5.1 ⁽²⁾
TOTAIS	A	B

⁽¹⁾ Deberán incluírse todos os traballadores fixos polos que se cotizou no correspondente mes e respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia. Os traballadores con contratos de interinidade para substituír a traballadores fixos con reserva de posto de traballo incluíranse como fixos.

⁽²⁾ Baixas dos traballadores que se produciran por propia vontade, ou por morte, xubilación, incapacidade permanente, total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas no correspondente mes.

MEDIA DO CADRO DE PERSOAL FIXO PARA DETERMINAR QUE CONTRATACIÓNS SON SUBVENCIONABLES (A-B):12 _____

Nº TRABALLADORES FIXOS NO MES DA CONTRATACIÓN: Nº: _____ MES: _____

A persoa que asina, no seu nome e no da entidade que representa, declara que as novas contratacións polas cales se solicita subvención supoñen incremento do cadro de persoal fixo e que os datos consignados son certos e responden á evolución do cadro de persoal fixo dos doce meses anteriores ao inicio da relación laboral (ou se é o caso, á presentación da solicitude de axudas) dos novos traballadores.

En _____, de _____ de 200
(Nome e apelidos e sinatura do/da representante da empresa e selo da empresa)

Asdo.: _____

ANEXO V

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/Dª _____ con DNI nº _____ en
 nome e representación da entidade _____ con NIF/CIF
 nº _____ en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS (1)	
					SI	NON

(1) Indicar cun "x" o que proceda

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS (1)	
					SI	NON

(1) Indicar cun "x" o que proceda

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI

EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE (INDICAR C.P.)			TELÉFONO
DATOS DA CONTA			
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA
BANCO			
ENDEREZO		C.P.	LOCALIDADE

CERTIFICO:
 Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, ____ de _____ de _____
 SINATURA DO SOLICITANTE SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO VII



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
		AUTORIZACIÓN

D/D'	DNI
EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE	NIF/CIF
EN CALIDADE DE	

AUTORIZO:
 Á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Resolución do 27 de xaneiro de 2005, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto do convenio colectivo para a empresa Comar Ourense, S.L., de Ourense, para os anos 2005-2007.

Visto o texto do convenio colectivo para a empresa *Comar Ourense, S.L.*, de Ourense, para os anos 2005-2007, código de convenio número 3200982, que se subscribiu coa data do 17 de decembro de 2004, pola mencionada empresa, en representación da parte económica, e polo delegado de persoal, en representación da parte social, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e no Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo existente nesta delegación provincial e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, 27 de xaneiro de 2005.

José Lage Lage
Delegado provincial de Ourense

Convenio colectivo para a empresa
Comar Ourense, S.L.

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito.

Ámbito funcional: este convenio colectivo de traballo rexerá as relacións de traballo na empresa *Comar Ourense, S.L.*, na actividade empresarial de explotación de máquinas recreativas e explotación de salóns recreativos.

Ámbito territorial: este convenio será de aplicación a todos os centros de traballo que este grupo empresarial teña establecidos ou poida establecer na provincia de Ourense.

Ámbito persoal: o convenio afecta a todos os traballadores que presten os seus servizos nesta empresa, así como aos que se contraten durante a súa vixencia. Só quedan excluídos aqueles traballadores que exerzan dirección executiva ou xerencial, que serán persoal fóra de convenio.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

Este convenio entrará en vigor, para todos os efectos, o día un de xaneiro do ano dous mil cinco (2005), independentemente da súa data de publicación no diario oficial que corresponda, e permanecerá vixente até o día trinta e un de decembro do ano dous mil sete (2007).

Artigo 3º.-Denuncia.

Este convenio deberá ser denunciado por calquera das partes, mediante comunicación escrita e cunha anticipación mínima dun mes á data de finalización deste. A ausencia de denuncia significará a prórroga do convenio por períodos anuais nos mesmos termos deste convenio.

Artigo 4º.-Garantías persoais.

Respectaranse a título individual as condicións económicas pactadas cos traballadores que foren superiores ás establecidas neste convenio, consideradas no seu conxunto e en cómputo anual, manténdose como garantía persoal.

Artigo 5º.-Comisión paritaria interpretativa.

Constituirase unha comisión paritaria entre as partes asinantes deste convenio. O citado órgano, integrado por dous representantes (un da empresa e un dos traballadores), cumprirá as funcións de aplicación do pactado, así como do seu seguimento e interpretación. Caso de non se chegar a acordo na comisión, ambas as partes se someten á competencia do organismo de mediación e arbitraje que exista e á xurisdición competente.

Capítulo II Réxime xeral

Artigo 6º.-Facultade de dirección.

A organización técnica e práctica do traballo corresponde á dirección da empresa, respectando os dereitos básicos dos traballadores/as.

Artigo 7º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de 1.826 horas anuais de traballo efectivo, cunha distribución de 40 horas semanais de media.

Artigo 8º.-Vacacións.

O período de vacacións anual, terá unha duración de 30 días naturais.

O persoal que traballe en festivos terá dereito aos días naturais correspondentes en compensación dos días festivos traballados. O seu desfrute realizarase nun período non acumulable ao período de vacacións.

Artigo 9º.-Permisos retribuídos.

A empresa concederá as licenzas retribuídas que a seguir se indican, sempre que se solicite por escrito e con xustificación da súa necesidade.

1. Por matrimonio do traballador, 15 días naturais.

2. Por nacemento de fillo, 4 días naturais; no suposto de non coincidir ao menos 2 días hábiles no cómputo dos 4 días naturais, ampliarase o permiso con garantía mínima de desfrutar ao menos 2 días hábiles.